



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE,
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP RAMÓN CABANILLAS

R/ JOSÉ ANTONIO SOUTO PAZ, 5
15702 Santiago de Compostela
981543183 981543183
ceip.ramon.cabanillas@edu.xunta.es
www.ceipramoncabanillas.es

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR **CONVOCATORIA**

De conformidade co establecido na RESOLUCIÓN do 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 08 de outubro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1ª do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dúas mestras ou mestres**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros tres representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2016.
- 2.- O censo electoral de mestres está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día de hoxe ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.
- 4.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
- 5.- Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dun nome** da lista de candidatos.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores, a tales efectos, para o día **15 de novembro, ás 14:00 horas**.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Santiago, 6 de novembro de 2018

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Jesús Antonio Dávila